



N.V. > redacción

A biografía de Emiliano Balás Silva (Ferrol 1859-1934) inclúe o feito de ter sido médico, pintor, escritor en galego e castelán, presidente do Ateneo Ferrolán, socio de honra do Real Coro Toxos e Froles, impulsor das Irmandades da Fala, concelleiro ou, entre outras cousas, fundador dos scouts ferroláns. Sorprende que currículo tan multidisciplinar non merecese ata o momento unha biografía en condicións, eiva que vén de solventar o investigador Juan José Burgoa (Ferrol, 1944), que presenta esta tarde o volume “Emiliano Balás Silva, un personaxe ferrolán entre dous séculos” (Sociedade de Cultura Valle Inclán), na sede do Real Coro Toxos e Froles.

“O meu traballo foi o de recuperar a xente esquecida na súa propia cidade –comenta Burgoa–, como Balás, Lucas Labrada ou Díaz Robles. Aquí temos a tendencia a apreciar moito o que vén de fóra, pero nos esquecemos da xente de valor que deu esta cidade”.

O investigador ferrolán profundiza a través de 186 páxinas nunha biografía tan insólita como variada polos campos creativos aos que se adicou. “Balás viviu a cabalo dos séculos XIX e XX. Era un home rico, así que estudou medicina e apenas exerceu, só cos pobres. Despois de rematar a carreira aos 21 anos dedicouse a impulsar a vida social e cultural da cidade agás a súa estancia sevillana”. Na capital andaluza o ferrolán adícase a perfeccionar o seu estilo. “A súa obra non é coñecida en Ferrol porque a inmensa maioría está en mans privadas, nada hai en museos públicos. Pero desde Bello Piñeiro a Leyra Domínguez destacaron o valor da súa pintura. Ao meu modo de ver, a súa singularidade provén de unir o colorido andaluz coa típica paisaxe da mariña ferrolá”.

Polifacético > Espírito inquedo, Balás abandona aos 40 anos a pintura. “A partir de aquí céntrase no seu labor como escritor –salienta Burgoa–, colaborando coa prensa local (foi un dos fundadores de El Faro de Ferrol) e os órganos de difusión das entidades máis significativas

da cidade, como o Ateneo, o Toxos ou o Centro Obrero de Cultura. Literariamente escribe poesía en castelán e galego, a meu modo de ver moito mellor en galego, onde ten unha linguaxe requintada, moi da súa época e moi fermosa. Tamén elaborou a primeira biografía do botánico José Alonso López e fixo varias pezas de teatro para que representase o Toxos e Froles”.

Na súa biografía, onde se inclúe poesía e teatro de Emiliano Balás, Burgoa tamén salienta outros aspectos políticos e sociais de Balás, como que foi fundador do grupo dos Scouts de Ferrol, presidente local do Partido Liberal, concelleiro ferrolán, presidente da Cámara Oficial da Propiedade e membro numerario da Real Academia Galega da Lingua.

Unha explicación a tan variada biografía ofrécena o investigador: “Ao non ter urxencias económicas, porque era rico, adicouse ao que lle apetecía. Aínda así, resulta curioso que non teña unha rúa ou unha praza na súa propia cidade”. Ás 20.00 horas de hoxe Burgoa presentará a biografía de Emiliano Balás na sede do Toxos, acompañado do presidente do Ateneo Ferrolán, Eliseo Zaera, e do editor Fernando Bores. “É un xeito de unir a varias entidades ferrolás relacionadas con Balás nun só acto”, comenta Burgoa.